

No ano 1963, por iniciativa da Editorial Galaxia, créase a Biblioteca Penzol, que logo se convertería no máis importante fondo bibliográfico da historia e da literatura galega. Ramón Piñeiro, Isabel López, Fermín Penzol, a viúva de Xohán Vicente Viqueira, Domingo García-Sabell, Blanca Jiménez, Francisco Fernández del Riego e Marino Dónega na primeira sede da Biblioteca Penzol (1973)



VIGO: ACTO SUSPENDIDO POR ORDEN GUBERNATIVA

Estaba dedicado a Castelao


VIGO, 17. — (CIFRA). — Un acto dedicado ao escritor galego Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, que con motivo do 25. aniversario de su muerte iba a celebrarse esta tarde en la Asociación Cultural de Vigo, ha sido suspendido por orden gubernativa. Estaba prevista la intervención del escritor y filólogo Ramón Piñeiro, el economista Ramón López Suevos y el catedrático y escritor Francisco Rodríguez.

Durante a ditadura franquista, a prohibición de actos públicos, mesmo de tipo cultural, era moi frecuente. Na imaxe, noticia da suspensión dunha conferencia de Piñeiro sobre Castelao en 1975, no seu vinte e cinco cabodano

En 1975 publícase a novela de Carlos Casares *Xoguetes para un tempo prohibido*, retrato xeracional dun grupo de amigos na Compostela universitaria de finais do século XX; e no ano 1976, Xosé Luís Méndez Ferrín publica *Con pólvora e magnolias*. A modernidade literaria reclamaba os seus dereitos



Na década dos anos 60 e os inicios dos 70, as mobilizacións sindicais van rozando o camiño do cambio democrático. Na fotografía, manifestación de Ferrol do 10 de marzo de 1972, que foi duramente reprimida, co resultado de dous obreiros mortos e corenta e tres feridos de bala



O movemento de canción protesta Voces Ceibes leva a palabra rebelde a todos os recunchos de Galicia. Cartel promocional de Voces Ceibes realizado por Reimundo Patiño en 1968

“Neste momento, os galeguistas tiñamos que actuar de cara á creación de forzas políticas propias. A reflexión que nós faciamos baseábase no feito de que, no pasado, o galeguismo fora un partido entre todos os que actuaban en Galicia, pero que no futuro debía ser un imperativo de todos os galegos” (Ramón Piñeiro)



A década de 1960 rexistra un ciclo alcista do capitalismo. A política de bloques vese fortalecida coa plena incorporación de Cuba á órbita da URSS. Chegan ao poder movementos “nacional-populares” en Alxeria e Vietnam. En Galicia, o fluxo migratorio de traballadores a Europa manténse, a universidade ábrese ás clases medias e a política de reconciliación nacional, propiciada polo **Partido Comunista de España**, a forza máis poderosa da oposición, fai plausible unha solución non republicana á caída da ditadura.

No ano 1963 fúndase **Comisións Obreiras**. Nese mesmo ano, auspiciado por Piñeiro, nace o **Partido Socialista Galego** e, un ano despois, a **Unión do Pobo Galego**, partido nacionalista de tendencia marxista-leninista. Piñeiro e **Xaime Isla** manteñen contactos co **Partido Nacionalista Vasco** e coa **Unión Democrática de Catalunya** para crear unha **Democracia Cristiá Galega**. No ano 1968, importantes protestas universitarias en todo o mundo forxarán, na Universidade de Santiago de Compostela, unha boa parte da clase política galega dos anos posteriores.

Nos anos 70 a presión democrática aumenta. As folgas xerais de Ferrol e de Vigo e a represión subseguinte conmoven a opinión pública galega máis partidaria do cambio democrático. Créase a **Xunta Democrática de Galicia** e, ao pouco, a **Plataforma Democrática de Galicia**. Fortes mobilizacións populares, combinadas cun labor de socavamento do réxime desde dentro, traen consigo a caída da ditadura. Comezaba a camiñar a Galicia democrática.

Na década dos 60, Piñeiro atópase inmerso na política de crear partidos galegos homologados con Europa. En 1963, réunese en París con socialistas madrileños e cataláns e sindicalistas vascos para organizar unha alternativa federal ao socialismo do PSOE, daquela dirixido desde Francia. Como consecuencia desta reunión, en 1964 nace o **Partido Socialista Galego**.

En 1965 viaxa clandestinamente a Italia, acompañando a unha delegación do Partido Socialista Galego, interesado en establecer relacións co **Partido Socialista Italiano**. Pouco despois volve a Italia, para facilitar que os democristiáns galegos puidesen encontrarse cos seus homólogos. Tamén por esa época viaxa a Alemaña, en compañía de socialistas galegos, a unha reunión convocada pola fundación Eberth. Promotor incansable de contactos, Piñeiro nunca chegou a militar en ningún dos partidos que promoveu.

En 1966 visita por primeira vez Estados Unidos, onde intervén no VI Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, organizado polas Universidades de Harvard e Columbia. En anos posteriores, imparte cursos de verán sobre sociedade e cultura españolas no Middlebury College de Vermont. O contacto coa cultura norteamericana sèrvelle para aguzar a consciencia da súa pertenza cultural á vella Europa.

En 1967 ingresa na Real Academia Galega co discurso *A linguaxe e as linguas*, e en 1974 publica *Olladas no futuro*.



“Si aceptamos como propia do noso tempo a civilización económico-industrial non hai máis remedio que recoñecer un certo heroísmo nese pulo de crecemento económico. Será cousa de ver – e discutíremolo outro día – se tal esforzo creador de riqueza, se esa epopea da vontade económica, contribúe, ou non, ou en que medida, á verdadeira felicidade dos que o realizan” (Ramón Piñeiro)

Ramón Piñeiro no campus de Middlebury, ca. 1970



Velaquí as sensacións producidas polo seu reencontro con Europa, á volta de Estados Unidos:

“Cheguei a París a medianoite. Eu tiña o espírito ategado de lembranzas de América. Pola tardiña, vagando polos Campos Elíseos metínme no *Marignam*. Alí sentado, tiven a sensación de «estar en casa»” (Ramón Piñeiro)



Galeguista antes que nada, Piñeiro, no plano económico, sentíase preto da socialdemocracia; no político, era un democrata liberal. Definíase a si mesmo “galego por nación, español por historia e europeo por cultura”

Ramón Piñeiro coa súa dona Isabel

